

GALEGUISMO E REPUBLICANISMO NO MOVIMENTO

REXIONALISTA LUCENSE NO SEculo XIX:

AURELIANO J. PEREIRA

por RAMON MAIZ

No decurso da mobilización rexionalista (1884-1907) galega rexístase unha recorrente converxencia **político-ideolóxica** e asimesmo orgaizativa entre sectores do partido federal galego e o movemento rexional. Así, o federal ORANTES Y MAGALLON edita en SANTIAGO a revista **La Región Gallega** dirixida por MURGUIA, sempre alleo como é sabido aos plantexamentos federais; na cidade de Lugo AURELIANO J. PEREIRA, CASTRO Y LOPEZ e AMOR MEILAN, conxuntamente con outros federais lucenses militan simultáneamente no Partido republicano-federal e na Asociación rexionalista galega; o núcleo de federais de Mondoñedo, NORIEGA VARELA e LEIRAS PULPEIRO... militan asimesmo en ambas as dúas orgaizacións: partido republicano e Comité rexionalista mindoniense; MARTINEZ SALAZAR, dirixente que foi da Liga Rexionalista de A Cruña, o foi tamén do partido federal; MIRAMBELL Y MARISTANY, industrial vigués, auna nas súas intervencións periodísticas na **Revista Gallega** (Da Cruña), federalismo e rexionalismo... En suma todo un abano de contactos e concorrencias político-ideolóxicas e orgaizativas que veñen situaren ao federalismo no cerne da interioridade mesma da mobilización rexionalista.

Pero asemade o federorrexionalismo veu plantexar ao movemento rexionalista un modelo político-estratéxico e de alianzas no que se articulan dunha banda a **aceptación total dos elementos galeguistas** globais: unión dos galegos por riba das diferencias, diferencialismo, cultivo da lingua e literatura propias, a consideración de Galicia como unha unidade orgánica diferenciada como «rexión» ou aínda como «nacionalidade» en algúns casos rompendo desde xeito ca pretendida abstracción do federalismo face as mobilizacións prenacionalistas. E por outra banda unha **propuesta estratéxica** altamente valorada da organización política do movemento rexionalista e postuladora dunha alianza populista co campesiñado, recollendo para

elo a súa problemática social mais aguda e incorporándoa ao ideario e programa do rexionalismo galego tan falto sempre de base de masas.

Por ningures como nos escritos e intervencións do máximo líder desta tendencia agroman tanto a radicalidade como a especificidade irreductíbel do que ben poido ser a alternativa á continuada crise e devecemento da mobilización finisecular do galeguismo político. AURELIANO J. PEREIRA sintetiza maxistralmente este vieiro que ficaría senlleiro e abandonado no avanzar das vicisitudes do movemento: obxecto das liñas que seguen e darmos conta tanto da súa idea de Galiza como do seu pensamento político e estratéxico.

I.—Unha certa consideración de Galicia como nacionalidade.

A delimitación do campo semántico conceptual da verba Galicia no discurso de PEREIRA pon de relevo un arrequento de elementos de procedencia orgánico-galeguista actuantes e converxentes sobre doutros de carácter republicán-federal. A profundidade do entrecruzamento semántico-conceptual entre as verbas dunha e outra procedencia delimita un universo discursivo específico conformado por a interacción das dúas ideoloxías citadas: rexionalismo («patria», «lengua gallega», «galeguismo», «cultura propia»...) e federalismo («demócrata», «republicano», «estado federado», «sufragio universal») que amosan a presenza de diversos conceptos fundamentalmente entrelazados desde o plano ideolóxico mais xenérico até o político-extratéxico mais inmediato. Tal proceso de enchemento do corpus ideolóxico federal de contido orgánico galeguista revestiría un alcance e significación realmente prenacionalista por a súa intensidade e solidez nas mais maduras formulacións de PEREIRA. Cunha particularidade que compre asinalarnos desde agora: o arrequento de elementos orgánico galeguistas non implicaría, de nengún xeito, un paralelo debano dos elementos democráticos da súa ideoloxía, que por a contra remanecerán presentes en toda a súa intensidade. Nunha perspectiva, non xa meramente discursiva, senón propiamente ideolóxica, os posicionamentos procedentes do campo federal: estrutura federativa, democratismo radical, sufraxio universal, politización e orgaización partidaria, prepopulismo campesinista, etc. etc., místúranse íntimamente con elementos propiamente rexionalistas, compartidos cos autores das outras tendencias do movemento: preocupación por a lingua e cultura galegas, por a súa historia, consideración da problemática económica de Galicia e o seu desenvolvemento, representación de Galicia en Cortes, calificación de Galicia como patria e nacionalidade en determinadas ocasións etc. etc.

Proceso de articulación, en suma, de federalismo e rexionalismo que dará nacimiento a unha síntese político ideolóxica que se sitúa con plena interioridade ao movemento galeguista-rexionalista, adequirindo un forte sentido patriótico:

«Desde hace mucho tiempo soy antes gallego que español, atrevimiento del que aún no me he arrepentido» (1).

(1) AURELIANO J. PEREIRA, «Discurso no banquete-homenaxe a Alfredo Brañas en Santiago», *Gaceta de Galicia*, 10 de marzo do 1890.

O devandito enchemento de orgaicidade do que no esquema federal abstracto non sería senón un **Estado federado**, simple estrutura política encubridora de moi diferentes realidades, desde a perspectiva da teoría da nación, adquire en PEREIRA o seu punto álxido cando, recollendo o concepto que se achaba disperso e en estado práctico nos seus artigos anteriores adicados ao rexionalismo galego, sanciónao terminolóxicamente denominado a Galicia **nacionalidade**. Sob a éxida da fundamentación nacionalitaria murguían do feito diferencial galego na que se apoian os distintos autores rexionalistas, o noso autor postula o carácter nacional de Galicia na súa mais importante intervención pública. Trátase do discurso pronunciado no Círculo de las Artes de Lugo no ano 1887, posteriormente publicado en **La España Regional** de Barcelona (2) e que o propio PEREIRA consideróu como a mais gramada esposición do seu pensamento federorrexionalista (3).

En efecto, ao longo de «El Regionalismo», o escritor lucense recolle un trais doutro os principais elementos constituintes da entidade nacionalitaria de Galicia: historia propia, territorio, tradicións específicas, lingua de seu, institucións de dereito e os conceptúa como **Patria**, síntese dese abano de elementos:

«La Patria es el pueblo al que uno pertenece porque en él ha crecido y nada le es ajeno. Es la patria el idioma amoroso en que oyó las palabras amorosas de su madre, es la patria del canto popular, la música del país, el baile pintoresco, el acento quejumbroso o áspero con que sus coterráneos se expresan, la tradición piadosa o la leyenda caballeresca o la narración fantástica que oyó en el hogar doméstico; la patria es el cielo con su color plomizo, la niebla con su penetrante humedad, el campo con su verdor, los coprovincianos con su miseria, con sus defectos, con sus desdichas que nos afectan como si fuesen nuestros» (4).

Este contido galeguista que permea e se introduce de cheo no discurso de PEREIRA vencellando os seus posicionamentos políticos, ideolóxicos, económicos etc. ca materialidade nacionalitaria orgánica, historicista: terra, carácter, costumbres, lendas, mitoloxía popular etc., implica unha redefinición do federalismo e o seu achegamento á corrente galeguista, coonestando elementos de diversa procedencia até uns extremos realmente insólitos no federalismo español.

Nin xiquera ALMIRALL (5), portador doutro similar intento de achegamento entre federalismo e catalanismo, chegando incluso a erosionar seriamente os aspectos mais radicais democráticos do ideario federal, atinguíu endexamais unha tal radicalidade fundamentadora do feito diferencial:

(2) AURELIANO J. PEREIRA, **El Regionalismo**, Discurso pronunciado por... Director de El Regional de Lugo, en una velada literaria celebrada en el Círculo de las Artes de dicha ciudad, **La España Regional**, Tomo III 1887, páxs. 393 e ss.

(3) En carta a LEOPOLDO PEDREIRA, o xornalista lucense afirma craramente que o seu posicionamento federorrexionalista achábase contido nos seus dous discursos sobre do rexionalismo. Cfr. LEOPOLDO PEDREIRA, **El Regionalismo en Galicia**, Madrid 1894, pág. 198.

(4) Idem. pág. 498.

(5) JORDI SOLE TURA, **Catalanismo y Revolución burguesa** cit. pág. 118 e «El Pensamiento político y la trayectoria de Valentín Almirall» en **Revista Jurídica de Cataluña** cit. páxs. 352-355.

«El Reino Unido, como se llama al Reino Británico, se compone de cuatro nacionalidades diferentes: Inglaterra, Irlanda, Escocia y País de Gales. Y bien, **¿acaso España no se compone de varias nacionalidades? ¿son acaso las regiones idénticas por su origen, unas por su historia, por su lenguaje, por sus costumbres, por su constitución interna, digámoslo así, expresada en sus instituciones de derecho, en sus hábitos y en sus tendencias?** Pues si esto es así, necesariamente tienen que existir antagonismos. Por ley fatal tiene que haber resistencias a aceptar como nuestro lo que no nos es propio...» (6) (suliñado noso, R. M.).

Velahí unha teorización de Galicia como nacionalidade, terminoloxicamente equipara a Rexión noutras partes do mesmo discurso, conceptualmente orgaizada segundo os clásicos elementos conferidores do carisma de nacionalidade: orixe ou raza («esta raza gallega»), historia («lo que ha sido de las regiones»), tradicións («hábitos y tendencias»), institucións («su constitución interna»), lingua («idioma gallego»)... Mesmo o elemento de **vontade política e conciencia nacional** situado por MURGUIA nun lugar sobranceiro da súa fundamentación da natureza nacional de Galicia:

«Antes de poseer una patria real hay que poseer una **patria ideal... que la conciencia y la fe son las que han creado las nacionalidades.** Pues bien, los regionalistas tienen idea clara de sus aspiraciones, tienen fe y conciencia; tienen una patria ideal» (6).

Esta organicidade, historicidade e voluntarismo, é tomada directamente do labor murguián de fundación nacionalitaria e articulada por PEREIRA co ideario político federal, dando nacemento a un rexionalismo diferenciado das outras correntes:

«El regionalismo... no podrá ser en la realidad del Gobierno de la Nación, no encontrará fórmulas prácticas que encierren sus soluciones, sino dentro del sistema que ha servido para formar naciones fuertes como el Imperio germánico, naciones libres como la hermosa Suiza; naciones poderosas y prósperas como la Gran república norteamericana» (7).

En definitiva, o esquema do noso autor complétase sen nengunha caste de traumatismo ou estrana viraxe conceptual: España, nación de nacionalidades, ten que orgaizarse como Estado federal nacional integrante dos Estados federados das nacionalidades ou rexións.

Paralelamente ao enchemento de contido orgánico das fórmulas federais deste achegamento ao galeguismo até penetrar na súa propia interioridade, compre darnos conta dos efectos producidos no sentido contrario. E dicer, ¿cómo afectó a perspectiva federal á proposta rexionalista de PEREIRA?

Os efectos da ideoloxía federal sobre do rexionalismo do noso autor ao nivel mais abstracto do seu ideario son diversos e de intensidade varia. Vexamos algún deles.

O primeiro, sen dúbida, céntrase na infravaloración do elemento étnico na fundamentación nacionalitaria e un paralelo arrequeuto do voluntarismo político e perspectiva progresista do rexionalismo. O factor racial pasa, en efecto, a segundo plano na obra de PEREIRA, quen entre os elementos

(6) AURELIANO J. PEREIRA, «El Regionalismo» cit. páx. 400.

(7) Idem. páx. 399.

orgánicos alude reiteradamente en troques ao idioma, historia, territorio. O mito celta, por exemplo, elemento central da fundamentación nacionalitaria de MURGUIA na que todos os rexionalistas se inspiran é deixada de lado por PEREIRA, tal e como acontecía con MARTINEZ SALAZAR ou MIRAMBELL MARISTANY (8).

En segundo lugar, o peso do ideario federal tradúcese tamén no remanecimento do **término** rexión, e mesmo do **concepto** trais del subxacente, fronte ao de nacionalidade empregado nos momentos de maior vigor ideolóxico rexionalista. Compre sulñarmos este extremo fronte a toda extensión á inteira obra de PEREIRA dunha conceptualización e unha terminoloxía somente presente nos seus discursos centrais sobre do rexionalismo.

Qué concepto se ache actuando nos artigos anteriores a 1887 sob o término rexión non se pode deducir dado o carácter fragmentario xornalístico das súas intervencións: mais nada fai supor que se trata do concepto murguián de nacionalidade actuando sob o término de rexión. O concepto de nacionalidade, compre insistirmos nelo, non constitúe de ningún xeito un concepto propio do ideario federal que na tradición española tende sistemáticamente a falar de rexións españolas e Estados rexionais (9). Endalí que a suposición a prol da presenza desta categoría de rexión nos escritos de PEREIRA sexa a mais plausíbel; e neste sentido apuntan as cativas testemuñas dispoñíbeis.

A **orgaicidade** que a introducción do galeguismo no seo da problemática federal ocasionou na ideoloxía de PEREIRA, con ser certa non debe ser hipostasiada até o punto de fornecer o equívoco dunha presenza do mesmo rango que a murguián do concepto de nacionalidade. Por a contra, éste último no rexionalista lucense non constitúe senón o punto álxido e, asemade, fugaz da presenza de elementos orgánicos no seu sistema.

Finalmente, compre situarmos como efecto do ideario federal a situación do factor voluntarista da **concencia nacional** e o **democratismo** nun primeiro plano. A vontade, en definitiva, de atinguir unha orgaización política galega propia, uns deputados defensores dos intereses de Galicia, unha

(8) Non se trata somente de que PEREIRA non recolla, mais que a nivel abstracto de formulacións teóricas, reiterando a argumentación murguián, o elemento étnico, que non aparece logo nos niveis mais concretos senón que mesmo emprega en diversas ocasións o término **raza** cunha connotación conceptual patentemente allea a biolóxico-orgaicista de MURGUIA e das «teorías da raza». Así, por exemplo, en **El Regionalismo** que comentamos, atopamos frases como as seguintes:

«Y esto lo dice un poeta que en las inmensas desdichas de esta tierra, en los grandes dolores de la familia gallega, en las amarguras del gallego que se marcha, hallaría inacabable manantial de inspiración para sus elegías; como encontraría también en las virtudes de esta raza, leal, sufrida, valerosa...» Op. cit. páx. 499.

Semella que sob un tal emprego de «raza», mais que subxacer a redución do eido cultural-ideolóxico ao físico, achámonos perante unha expresión similar á de «pobo diferenciado» con moito menor carga naturalista e biolóxica.

(9) Cfr. neste orde de cousas, obras tan significativas ao efecto como a de P I I MARGALL **Las nacionalidades**, Madrid 1973, onde a proposta dunha descentralización de caste federal para España compatibilízase en todo momento co mantemento da «unidade nacional» e a univocidade no emprego do término-concepto nación para referirse á Nación española, integrada por diversos Estados. O proxecto esencial de **Las nacionalidades** reside precisamente na deslexitimación dos criterios naturalístico-historicistas: lingua, historia, raza, etc., a prol dun criterio político-voluntarista espresado na idea de **federación** en total alleidade por tanto a consideración dun estado plurinacional español.

concencia nacionalitaria e unha vontade de común nun proxecto colectivo de construción dunha comunidade. Vontade política, concencia nacional e radicalismo democrático amósanse como elementos centrais inescindíbeis no ideario do rexionalista lucense:

«...porque el espíritu francés, que vive en el corazón de los Alsacianos-Loreneses, no podrá destruirlo la presión de la tiranía autocrática modificando la ortografía y echando a la cárcel a los que no ocultan su **patriotismo**. Este espíritu lo ha engendrado la civilización y lo ha arraigado la **democracia**» (10).

O posicionamento de PEREIRA fronte ás argumentacións naturalísticas xermánicas cara a xustificación da anexión da Alsacia e Lorena sitúa con toda craridade esta articulación última, voluntarista e democrática, do conxunto dos elementos orgánicos nacionalitarios que, na concepción do noso autor, se achan totalmente sometidos ás súas directrices e mesmo se sitúan cun carácter secundario.

Precisamente ao traveso desta articulación decisionista e federal, dárase o único caso entre as tendencias rexionalistas que, teorizando a Galicia como nacionalidade conclúa delo as súas derradeiras consecuencias: a presenza dun Estado galego como propia forma de autogoberno.

Por o demais, a centralidade estrutural e non meramente coxuntural desta articulación entre rexionalismo e federalismo, achámola reafirmada nas intervencións posteriores do federorrexionalista vigués TOMAS MIRAMBELL MARISTANY. Nos escritos deste industrial vigués acharemos actuando —unhas veces en estado práctico, outras explicitamente— o concepto de Galicia como nacionalidade, cunha radicalidade e precisión realmente notábeis. Aínda que, como no caso de PEREIRA ou BRAÑAS, a distancia da radicalidade fundamentadora nacionalista murguían.

Xa nun artigo do ano 1899 titulado «Salvemos Galicia», e malia a utilización da terminoloxía rexionalista ao uso (Galicia: rexión, España: nación) atopamos rasgos diferenciais de natureza orgaísta fundamentando a especificidade do galego e solicitando asimesmo a súa contraposición co **Estado español**:

«Galicia tiene un arte, una literatura y un derecho propios... Galicia es económica y el Estado español es despilfarrador. Los hombres de Galicia son pensadores circunspectos; los hombres del Estado español son ligeros y vanidosos. El pueblo gallego es trabajador y laborioso; los hombres que contra todo derecho tienen la hegemonía de España, vagos y desarrreglados... Si los propósitos del gran político y hombre de Estado GELMI-REZ hubieran sido coronados por el éxito, si la hegemonía de Galicia, León y las Castillas hubiera estado encomendada a la primera, otra sería hoy la suerte de España» (11).

(10) AURELIANO J. PEREIRA, «El espíritu francés en Alsacia-Lorena», *El Regional*, 25 de febreiro do 1896.

(11) TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «Salvemos a Galicia», *Revista Gallega*, 16 de xullo do 1899. Este autor constitúe un precioso exemplo do intento de aunar a tradición patriótico orgaísta co democratismo e voluntarismo; moitas das súas páxinas traslucen vivamente un tal obxectivo:

«...me refiero a la fuerza moral, representada por los grandes ideales de un pueblo, por su patriotismo y amor sin límites a lo suyo, a su pasado, a su presente y a su porvenir; ideales y pasiones que bien encauzados se traducen en el orden social en justicia, progreso y derecho...» Loc. cit.

Obsérvese a contraposición entre Galicia e o Estado español e o emprego de elementos tais como o carácter nacional ou a historia de Galicia ao servizo dunha vontade diferenciadora de grande radicalidade. Precisamente esta superioridade do elemento galego tomada, o mesmo que o protagonismo lexendario de Xelmírez, da obra murguián, forneceria a necesidade dunha reestructuración do Estado Español e unha nova configuración do mesmo ao traveso dunha «confederación ibérica»:

«Fundar sobre las ruinas de esta España caduca, holgazana, pobre, débil y africana, otra España trabajadora, fuerte, rica y europea» (12).

Os mitos étnicos, históricos murguiáns operan como sustrato da concepción de MARISTANY fornecendo ao seu discurso dunha rede de oposicións que se poden rastrear nos cadros de contraposicións analizados ao falarmos do historiador galego. A orgaicidade que semánticamente translucen verbas tais como «africanos», «indolentes», «fértil», etc., asinala a centralidade que a fundamentación nacionalitaria de MURGUIA atingue nos plantexamentos de MIRAMBELL. Elo resulta especialmente patente cando afecta mesmo ao concepto de liberdade que o rexionalista vigués emprega nos seus escritos:

«La libertad de los pueblos no depende de constituciones exóticas importadas de otros pueblos y otras razas por el capricho de los hombres. La libertad es todo lo contrario: las leyes, el hábito, las costumbres y el modo de ser de los pueblos, no son productos del talento de un hombre... son labor de muchos siglos y de muchas generaciones, y atender a ellas es atender a su libertad, a la integridad de la patria... la verdadera libertad es respetar el peculiar modo de ser de cada región y cada raza, perfeccionarlas adaptándolas y encauzándolas al progreso regular de los tiempos» (13).

Unha tal aceptación, por parte dun federal, aínda que sexa ocasionalmente, do concepto tradicionalista de liberdade á hora de fundamentar o autogoberno galego asinala uns extremos aos que endexamais chegou PEREIRA, a renuncia de elementos do propio ideario federal a prol da reñención de factores máis nacionalitarios e historicistas. Achámonos, sen dúbida, perante unha das meirandes concesións que MIRAMBELL, ou federorrexionalista galego alóun, fixo co gallo do fornecemento de orgaicidade a súa proposta de autogoberno.

Posteriormente, noutras intervencións, MIRAMBELL Y MARISTANY empregará o concepto de nacionalidade en base ao recoñecemento dos diferentes elementos cualificadores dunha tal natureza. Así, fronte aos centralistas argüirá explicitamente:

«Nada es para ellos el **núcleo etnográfico** en que se nace, se vive o que se adopta; nada es para ellos el pedazo de **tierra** que a través de los siglos y de la **historia** ha sufrido las mismas invasiones, **luchado** por los mismos ideales, vivido el mismo **clima** y hablado el mismo **lenguaje**» (14).

(12) Ibidem.

(13) TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «El regionalismo y los políticos gallegos», *Revista Gallega*, 21 de xaneiro do 1900.

(14) TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «Centralismo y regionalismo: el progreso de Galicia», *Revista Gallega*, 8 de abril do 1900, afirmando asemade:

«Sabe que el regionalismo o el federalismo suprime el servicio obligatorio, creándose un

Veleiquí, con toda a súa eficacia, os elementos murguiáns integradores da nacionalidade sen escluir a vontade de nación: unha vez mais a recepción do corpus murguián resulta patente á hora de fixar os factores integrantes do feito diferencial galego.

En artigos posteriores, como «Centralismo y Regionalismo», MIRAMBELL empregará indistintamente os termos nacionalidade e rexión para designar á comunidade galega, conceptualizada de xeito fefaciente como nacionalidade integrada no Estado español:

«Galicia es hoy, después de centenares de años, mucho menos de lo que fué. No es ya una **región** con vida y personalidad propias; no es un antiguo **Estado** o **nacionalidad** cuyo nombre suena, como en pasadas épocas, en las cancillerías de Europa; hoy es un astro sin luz, un cuerpo muerto y apagado; es más bien una colonia» (15) (Suliñados nosos, R. M.).

Sobre desta base o movemento rexionalista para MIRAMBELL adquire un carácter decraradamente nacionalista:

«Por lo mismo que **es nacionalista el movimiento regional gallego**, necesita del concurso de todos los elementos sociales que lo componen: esta es su fuerza... así **la nacionalidad galaica** habría de robustecerse con todos los elementos que la componen sin exceptuar ni a uno solo» (16).

Confirmación final do proxecto de construción da «nacionalidad galaica» o elemento de unión de todos os galegos por riba das diferencias internas sitúa no seu pronto álxido a **galeguización** do federorrexionalismo de MIRAMBELL que atingue unha radicalidade notábel de formulación, anos despois de que se esfarelara o grupo de Lugo.

A síntese, en definitiva, por a que o rexionalismo presta ao ideario federal toda a súa orgaicidade, e o federalismo ao corpus rexional todo o seu radicalismo democrático e descentralizador conclúe na formulación dunha ideoloxía complexa e articulada, dotada de propia e irreductibel sustantividade.

A radicalidade resultante dun tal proceso de converxencia ideolóxica dérivase de que, agás dalgúns efectos parciais neste sentido de MIRAMBELL, a integración dos elementos orgánico historicistas do prenacionalismo aforrece a proposta descentralizadora, mais sen rebaixar en nengún momento os plantexamentos progresistas e democráticos, como imos ver de contado. Esta radicalidade, producto dunha tal síntese, nun medio como o galego,

cuerpo de ejército voluntario. Saben que deshace en una hora todos los partidos actuales. Saben que corta en todas las regiones los tentáculos del pulpo madrileño que las aplasta y estruja... Nadie puede negar los límites antropométricos y sociales que distinguen a las diversas regiones españolas. Estos límites pueden ser modificados por la hegemonía de una de ellas, pero en el fondo son incommovibles, **porque no es perdurable en las nacionalidades** lo que es exótico. En unirlas y sin confundirlas; en armonizar los intereses de todas sin **menoscularlos, está reducido el verdadero problema nacional. Pues esto puede hacerlo el regionalismo y la federación».**

O estricto vencellamento de factores naturalísticos e democráticos, permite agromar terminolóxicamente o propio emprego de **nacionalidade** no seo dun proxecto federativo das nacionalidades ibéricas: as diferencias face aos devanditos plantexamentos de PI I MARGALL, en especial fornecidos por a presenza dos elementos orgánicos prenacionalistas, fica nestes párrafos nidiamente contrastada.

(15) TOMAS MIRAMBELL, «El regionalismo y los políticos gallegos» cit.

(16) TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «¿El regionalismo es retroceso?, *Revista Gallega*, 15 de xullo do 1900.

cunhas difíciles condicións de posibilidade de recepción dun discurso tal, poñía as bases do seu fracaso, do seu desbotamento mesmo na interioridade do movemento rexionalista, tributario en todo momento da contradición primaria entre liberais e católico tradicionalistas.

II.—O POSICIONAMENTO POLITICO: REPUBLICANISMO E ACHEGAMENTO AO CAMPESINADO.

Compre agora, unha vez crexada a interioridade da aceptación do rexionalismo por PEREIRA e desbotada calquer sospeita de marxinalidade do mesmo ao seu ideario, centrarmos nuns aspectos nomeadamente aportados por o ideario federal: o republicanismo, dunha banda, e por outra a política de alianzas.

A.—Democracia parlamentaria e república vs. Monarquía e caciquismo.

Fronte ás tentacións antiparlamentarias e antiliberais que a Restauración veu fornecer nos rexionalismos, nacionalismo ou rexeneracionismo varios peninsulares do século XIX —formulados todos eles nunha perspectiva de «rectificación do liberalismo»— a tradición demócrata republicán veu plantexar unha moi diferente alternativa político-ideolóxica.

En efecto, as críticas a un parlamentarismo degradado conduciron, sen ruptura algunha, aos ataques de variábel intensidade ao parlamento, ao sufraxio universal, etc.. A refutación do «liberalismo doctrinario» prolongouse, da man dos devanditos movementos, no ataque sistemático e non precisamente progresista aos valores do liberalismo democrático, ao pluralismo político, á existencia dos partidos políticos, ao racionalismo etc. Nacionalismos, rexeneracionismos, orgaicismos e demais, chegaron, en suma, algún deles por moi diferente vieiro, a unha palmaria confluencia con teses sustentadas no panorama ideolóxico-político español desde había moito tempo por as súas correntes reaccionarias, tradicionalismo, «moderantismos» diversos etc. etc.

Moi outro foi, endebén, o posicionamento da tradición republicano-federal. Fronte a tentación autoritaria e antidemocrática que o sistema político da Restauración fornecía nas demais correntes, os republicanos federais postularon sistemática e reiteradamente unha democratización da vida política do país, a recuperación da autenticidade parlamentaria ao traveso do sufraxio universal e a soberanía popular, secularización do pensamento e a sociedade, anticaciquismo radical, etc. etc.

Desde FERNANDO GARRIDO até PI I MARGALL pasando por os federais mais próximos ao movemento obreiro achámonos perante unha tradición política que funciona baixo moi diferentes motivacións que aquel «medo á revolución», que acharemos tanto en ARANA como en GINER ou BRAÑAS (17), cáxeque se pode afirmar que as contrarias. Unha corrente,

(17) Por o que respeita a PI I MARGALL, pode verse ao respeito ANTONI JUTGLAR, *Pi i Margall y el federalismo español*, Madrid 1975, Tomo I, páxs. 393 e ss.

Compre suliñarmos fundamentalmente as radicais diferencias esistentes entre o posi-

en suma, que non confundiría endexamais a crítica ao sistema da Restauración ca crítica á democracia parlamentaria e que plantexaría, unha e outra vez, a necesidade de profundas transformacións sociais, políticas e ideolóxicas.

Unha tal radicalidade democrática é a que agroma por todas partes nas diferentes propostas de PEREIRA, informando até a mais ínfima capilaridade o seu tecido discursivo. O emprego de términos e sintagmas tais como «democracia», «sufraxio universal», «soberanía popular», «federación» etc., como ficou amosado por a análise do campo semántico conceptual testemuña de xeito fefaciente un feito ao que xa nos temos referido e que compre situarmos agora como punto de partida de toda consideración sobre do posicionamento político de PEREIRA. Por ningures acharemos neste autcr un debano ou esmorecemento dos elementos centrais do legado político ideolóxico federal que se mantén en toda a súa radicalidade ideolóxico-discursiva.

Xa nas suas primeiras intervencións en **El Diario de Lugo** atopamos a insistencia nos postulados demócratas e federais. Así, por exemplo, en artigos tais como «Estado de la pblación rural en Galicia» (18) se manifiesta un profundo antifeudalismo e anticaciquismo, postulando a necesidade dun sufraxio auténtico en libertade face ao da Restauración. En «Galicia en el Congreso» PEREIRA diferencia nidamente a súa fe nas institucións parlamentarias da práctica degradada do pseudoparlamentarismo da Restauración co turno pacífico dos partidos (19). En «Más Política», como xa temos ollado, o noso autor esixía unha politización das actividades rexionalistas e a necesidade de provocar un cambio de réxime político conxuntamente ca descentralización (20). En «Fórmula» afirmase que a democracia integra o único sistema de goberno que pode ir vencellado á descentralización rexionalista (21). E, finalmente, en «Algo sobre regionalismo» (22) reitera o seu convencimento do carácter forzosamente democrático do movemento rexional.

Polo xeral, en todas as intervencións de PEREIRA subxace, explícita ou implícitamente, a defensa do abano de principios democráticos: soberanía popular, sufraxio universal, supremacía parlamentaria, etc. Sen dúbida, a

cionamento federal e a rectificación do liberalismo propio da escola krausista, onde o orgaizmo condúxo ao abandono dos postulados democráticos, salvo certas excepcións como GUMERSINDO DE AZCARATE, **El régimen parlamentario en la práctica**, e o deslizamento por a perigosa pendente da restricción do sufraxio universal, dun goberno «forte», etc. etc.

As coñecidas verbas de POSADA seguen sendo, aínda hoxe grandemente válidas por a súa problematicidade perante unha actitude académica imperante de grande benevolencia que tende, sen meirandes problemas, considerar aos plantexamentos krausistas de reformistas pero inequívocamente progresistas:

«¿Estaría yo —¡y tantos!— en materia de fascismo a la altura del célebre personaje de Molière? ¿Habremcs hecho fascismo sin saberlo los llamados krausistas?».

Cit. en ELIAS DIAZ, **La filosofía social del krausismo español**, pág. 241.

(18) AURELIANO J. PEREIRA, «Estado de la población rural en Galicia», **Diario de Lugo**, 8 de octubre do 1879.

(19) AURELIANO J. PEREIRA, «Galicia en el Congreso», **Diario de Lugo**, 6 de xuño do 1879.

(20) AURELIANO J. PEREIRA, «Más política» cit.

(21) AURELIANO J. PEREIRA, «Fórmula» cit.

(22) AURELIANO J. PEREIRA, «Algo sobre el regionalismo», **Galicia**, abril do 1888, páxs. 145 e ss.

máxima expresión de todo este democratismo de PEREIRA o achamos nas súas intervencións no Congreso de Lugo, onde se discutira o **Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego**. En efecto, o noso autor foi membro da Comisión redactora do proxecto e tivo unha sobranceira participación nos debates de xullo do 1887. Tal e como revelan as actas das devanditas sesións, defendeu alí a publicidade das sesións e discusións do proxecto, a preeminencia do legislativo sobre do executivo fronte a práctica contraria normalizada en España, a soberanía popular, o voto da muller, a redención foral, a supresión da pena de morte, o mandato imperativo e control dos deputados, a obligatoriedade da segunda enseñanza etc. etc. En definitiva, un democratismo radical realmente inusual nos nacionalismos e rexionalismos periféricos españois do XIX:

«Aceptamos la revolución, más no de carácter sistemático o al menos afectando la forma de motín o asonada» (23).

A superior expresión deste radicalismo democrático, superador do marco estritamente liberal, atopámolo no rexeitamento sistemático da Monarquía e a postulación da República como única forma de goberno compatible ca descentralización federal que se propón; para PEREIRA rexionalismo e República ían de consuno pois desde a súa perspectiva a Monarquía poseía, historicamente adequirido, unha significación profundamente centralista:

«La realidad les demostrará (aos rexionalistas) que sus aspiraciones no puede satisfacerlas ni en todo ni en parte ninguno de estos viejos y gastados organismos políticos que luchan por los intereses del momento, por la posesión del poder.

Es desconocer lo que representa la obra de la monarquía y de la llamada unidad española, creer que son compatibles con nada de lo que el regionalismo representa; sería negar la ley de la historia y querer que una y otra destruyesen su obra, de la que es fatal consecuencia el actual estado de la nación que ha engendrado la protesta ya general que representa el regionalismo, adversario de la **centralización y de la uniformación conquistadora, que son en su esencia la monarquía y la mal llamada unidad**» (24).

En definitiva, o labor histórico da monarquía española a prol da centralización remata por decantar, desde a perspectiva de reorganización territorial do poder político, a PEREIRA cara o seu desbotamento como forma de goberno por mais que se recoñeza a posibilidade en abstracto de monarquías federais, ao estilo europeo (25).

Será co gallo dunha enérxica resposta a CAMPION, e a súa postulación dun rexionalismo de carácter tradicionalista e monárquico de crara proce-

(23) **Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego** cit. páx. 46.

(24) AURELIANO J. PEREIRA, «Nuestro regionalismo», *El Regional*, 15 de xaneiro do 1887.

(25) En efecto, PEREIRA considera a posibilidade de monarquías federais ao estilo centroeuropeo:

«Por esta razón los estados que constituyen una nación monárquica y disfrutan de la autonomía necesaria para establecer los poderes ejecutivo, legislativo y judicial, viéndose por lo tanto libres de esa presión turbulenta que aniquila a las poblaciones...» «Regionalismo y unitarismo», *El Regional*, 19 de xullo do 1887.

Onde se amosa nidiamente a **relatividade** da asunción por parte de PEREIRA da conceptualización nacionalitaria de Galicia desenvolta no seu discurso de 1887: a pugna e prevalectemento da teorización margalliana é patente nestas liñas.

dencia «fuerista» (26), onde PEREIRA esplicite con meirande claridade o seu posicionamento republicano:

«El regionalismo, y el fuerismo en tanto que con él se hermana, tienen pues que ser **liberales**, y en cuanto en la monarquía no encontrarán el reconocimiento de la **soberanía natural del pueblo**, tienen que ser **demócratas**, y como demócratas españoles, **republicanos**» (27).

Aos argumentos de índole descentralizador que anteriormente PEREIRA postulara a prol do desbotamento da monarquía como forma de goberno, vense engadir agora unha argumentación de base democrática. A traxectoria política da monarquía española amósase incompatíbel co aseguramento da democracia parlamentaria, esencial tanto en si mesma como forma de goberno, como cara a descentralización que se postula. Tal falla de garantías promoven que sexa rexeitada por PEREIRA en coerenza co seu programa político federorrexionalista global. Condena da monarquía, non xa soio da **monarquía tradicional** senón da propia **monarquía constitucional**, incapaz en España segundo o amosa para o noso autor o século dazanove, de dar luz a un **réxime de Monarquía parlamentaria**, que se prolonga para MIRAMBELL aos propios partidos monárquicos:

«En vano los partidos actuales llamados liberales, soplan aquí como en todas partes el rescoldo de una libertad muerta en sus manos; en vano reclaman la unión de todos los elementos democráticos, para hacer frente a los eternos enemigos del orden y las instituciones (os carlistas); el país no les escucha porque ha perdido completamente la fe en las libertades de Real Orden» (28).

En definitiva, o republicanismo amosa un grado de totalidade e centralidade na obra de PEREIRA articulando diferentes niveis da súa ideoloxía: un plano xenérico do seu ideario, a temática da descentralización e a cuestión democrática. O republicanismo no se configura, pois, como unha soia forma de goberno senón que espresa conceptualmente unha síntese de diversos valores íntimamente vencellados: elementos **ideolóxicos**: racionalismo, laicismo, progresismo, igualitarismo etc.; **descentralizadores**: na

(26) En efecto, na súa serie de artigos «Fuerismo, regionalismo e federalismo» publicado en *La España Regional* ao longo dos anos 1877 e 1888, CAMPION trata de coonestar as tres tendencias a costa de desproveer ás dúas últimas das súas sinais de identidade: o rexionalismo sería formulado nunha perspectiva craramente tradicionalista e o federalismo despois de todo elemento democrático-republicano. Así, verbo do primeiro afirmase:

«El regionalismo en que ahora me ocupo, que para mí es el verdadero y eficaz regionalismo, no concibe que las regiones puedan ser creadas por **actos soberanos del poder legislativo**, por votaciones nominales y comisiones parlamentarias, ni por **coincidencias fortuitas de un número, mayor o menor, de voluntades particulares**, cuyas obras se parecen a esas nubes de plomo, huérfanas de toda fuerza de coesión que no sea el momentáneo torbellino del aire que las arrastre. **Las regiones son de por sí por la Gracia de Dios, no por la gracia de la Constitución**». Op. cit. páx. 4.

Por o que respecta ao federalismo:

«El federalismo en cuanto doctrina, apareció en España cual modalidad de la República, pero ni teórica ni prácticamente existe solidaridad entre ambos. **El federalismo cabe dentro de la monarquía, y la nuestra tradicional y gloriosa**, la monarquía española en sus mejores tiempos fué federativa». Op. cit. páx. 293.

(27) AURELIANO J. PEREIRA, «Algo sobre el regionalismo» cit. páx. 148.

(28) TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «La opinión en Galicia», *Revista Gallega*, 16 de decembro do 1900.

perspectiva de república federal ou federación ibérica; e finalmente **políticos**: sufraxio universal, centralidade do parlamento nas institucións, anti-tradicionalismo, etc. (29). Factores todos eles sólidamente articulados nun todo inescindible na proposta do noso autor.

A traducción concreta destes posicionamentos republicán-federais no ámbito do rexionalismo o veremos ao analizarmos o modelo de descentralización proposto para o futuro Estado Gallego, ao que lle comunicará un carácter democrático avanzado que o fará destacar no panorama do dereito público español conxuntamente cos demais proxectos do ano 1883 na órbita de PI I MARGALL.

B.—O proxecto hexemónico: intelectualidade galeguista e campesinado.

Para rematarmos a análise política do pensamento de PEREIRA compresentizarmos algunhas consideracións sobre os aspectos estratéxicos e de política de alianzas que xa temos ollado en acción ao falarmos da mobilización rexionalista.

O primeiro dato a suliñarmos ven integrado sen dúbida por a presenza no noso autor dun **proxecto de hexemonía explícito** que se acha ausente nos restantes teóricos rexionalistas. Así, BRAÑAS na súa formulación endexamais antingiu formular unha alternativa estratéxico-política e de alianzas; para él o proxecto rexionalista sería a aglutinación dos galegos soba a égida das clases tributarias do Antigo Réxime nunha sorte de converxencia premoderna endexamais creaxada. Outro tanto acontecía en MURGUIA, o feito da procura de apoios sociais entre a burguesía e pequenoburguesía endexamais foi plantexado explícitamente como problema político. Somente nos derradeiros anos da **Revista Gallega** acadamos en elaborar unha actitude de achegamento na procura de apoios ao movemento rexionalista, recollendo a problemática e apoiando as reivindicacións da burguesía galega.

En troques, en PEREIRA imos atoparmos desde o primeiro momento do seu ingreso no movemento rexionalista ca posta nun primeiro plano do problema da política de alianzas, do arrequento de apoios, da incidencia social do rexionalismo. Para o noso autor, en efecto, o rexionalismo tiña que converterse nun movemento político, tanto nos seus obxectivos como na propia mobilización. Neste orde de cousas, a súa penetración no tecido social galego, a súa implantación, a procura dunha base de masas, o seu liderazgo e dirección integraba un factor esencial do seu rexionalismo.

Achamos nel, en definitiva, a necesidade do establecemento dunha hexemonía rexionalista sobre do conxunto da poboación galega, a consolidación dun bloque de clases en derredor do programa rexional:

«Si el regionalismo ha de cumplir los fines que de él se espera, si a él, como anhelamos, ha de venir algo beneficioso para Galicia, es preciso que no se limite a ser un partido de catedráticos y oradores, de poetas y de periodistas: es necesario que encarne en el pueblo...» (30).

Este estilo de plantexamentos, de problematizar desde o inicio a necesi-

(29) CARLOS DE CABO MARTIN, *La República y el Estado liberal*, Madrid, 1977, páxs. 235 e ss.

(30) PEREIRA, Discurso de 1890 na Homenaxe a BRAÑAS cit.

sidade de apoios sociais e o axeitamento dos medios orgaizativos a unha tal finalidade, amosa unha **modernidade** de pensamento político, por completo ausente nos outros rexionalistas, herdeira da traxectoria federal e a súa madurez como forza política no escea española. Se ao falarmos do rexionalismo temos asinalado a inaplicación das categorías de análise de partidos a unha realidade dispersa e inestábel, moi outra era a realidade do partido federal cunha longa e sólida traxectoria orgaizativa. Tal sería, sen dúbida, unha das meirandes aportacións que o federalismo aportaría ao rexionalismo se a alternativa de PEREIRA non fora desbotada no seo do movemento (31).

En segundo lugar, unha vez crearexada a presenza da problemática explícita no rexionalista lucense dun proxecto de hexemonía, compre detérmonos na natureza dese proxecto. Neste orde de cousas un feito impónse con absoluta evidencia: para PEREIRA a política de alianzas dos rexionalistas tiña un destinatario privilexiado, o campesinado:

«...que su base sea el campesino, el esclavo de la tierra... porque el Regionalismo tiene una misión que cumplir: la redención de nuestros campesinos, la redención de cerca de dos millones de hermanos nuestros que viven sujetos a la tierra y que necesitan la liberación de la prosperidad. Y para esto es necesaria una activa propaganda a la que todos debemos contribuir...» (32).

Frente a un rexionalismo dirixido ao clero e a fidalguía como acontecía no caso de BRAÑAS, ou a burguesía como era o caso dos rexionalistas liberais, PEREIRA representaba unha variante estratéxica e unha política de alianzas alternativa cara un rexionalismo agrarista populista:

«El regionalismo para ser algo tiene que contar como base con **las clases populares**: tiene que encerrar en su programa los problemas que afecten a la región» (33).

Neste derradeiro sentido, para PEREIRA os problemas da rexión serán

(31) En efecto, por ningures entre os restantes rexionalistas atoparemos a vontade de hexemonización e orgaización partidaria presente en PEREIRA herdo da tradición federorrepública. Así:

«El regionalismo... podría llegar a ser útil a los pueblos, al hacer algo más que celebrar certámenes literarios, si sus entusiastas comenzasen por formar un cuerpo de doctrina, y luego emprendiesen una activa propaganda para organizar fuerzas que con su acción pudiesen llevar a las corporaciones a quienes representarían los principios contenidos en el programa... Para representar al pueblo ha de contar con éste y tener en él su principal elemento...».

«Regionalismos», en *El Regional*, 30 de xullo do 1893.

(32) PEREIRA diferencia nidiamente o seu agrarismo populista e rexionalista das Ligas agraristas tipo GAMAZO en Castilla:

«Y si el regionalismo llega a constituirse, si llega a ser un elemento de positiva influencia, debe cuidarse que no sea instrumento de ambiciosos, que no sirva para encumbrar a los que hablan mucho o se muevan más: que no se parezca a la Liga Agraria de Gamazo, sino, salvas diferencias inexcusables, a la Liga Irlandesa». Discurso de homenaxe a BRAÑAS, *Gaceta de Galicia*, 10 de marzo do 1890.

Xuicio que contrasta vividamente coa apreciación de BRAÑAS ao respecto:

«El espíritu regionalista o provincial ha salvado a Castilla en cierto modo, de la ruina que la amenazaba: gracias a la actitud resuelta de GAMAZO, de la Liga Agraria y de los proteccionistas castellanos, las tarifas se reformaron en diciembre de 1891...». *La crisis económica en la época presente* cit. pág. 67.

(33) AURELIANO PEREIRA, «Regionalismos», *El Regional*, 30 de xullo do 1893.

en grande medida os problemas que afectaban ao campesinado, en quen a política rexionalista ten a súa base, o seu apoio esencial. Endalí que a problemática de **redención foral**, seguindo as tradicións federais do sexenio, se sitúen por o noso autor nun primeiro plano. En artigos tais como: «Los foros y la República» (34), «La redención foral» (35) ou «Causas del atraso de Galicia» (36), ou «Los siervos» (37), PEREIRA insiste no grave atranco que o remanecimento das rendas forais supoñe para a economía galega e o acceso do campesinado á propiedade plena da terra como o seu problema sobranceiro. O arrequento das sociedades agrarias a principios do século XX amosarían a lucidez que, cara aglutinación de apoios para o rexionalismo, revestía a política de alianzas de PEREIRA.

Polo que respeita a dirección e orientación na perspectiva do noso autor, a dirección intelectual e moral sobre o campesinado corresponde a ésta pequenoburguesía rexionalista. O rexionalismo para o escritor lucense supuña a articulación da problemática campesina (redención foral, anticaciquismo, impostos, aranceis...) cos valores galeguistas e culturais cuxos portadores eran minorías rexionalistas da intelectualidade urbán:

«Los que vivimos en las ciudades leemos, oímos y aprendemos; pero no lee ni oye esa gran masa que es el nervio de nuestra población, y a esos desheredados es a quienes hay que lustrar, es a quienes debemos hacer partícipes de nuestras convicciones» (38).

En definitiva, dunha banda o rexionalismo tiña que recoller a problemática mais urxente do campesinado, por outra a «intellixentsia» suministraría a conciencia nacional, a articulación ideolóxica nun proxecto supraclasista tendente á consolidación dun bloque nacional-popular galego que integrase a inmensa maioría da poboación, cuxo cerne acharíase integrado por a grande masa campesina dirixida por a pequena burguesía intelectual galeguista.

Así e todo, o protagonismo do campesinado, o lugar de dirección que se asignaba á pequenoburguesía, «conciencia de Galicia», non debe esquecerse que existe outra clase social con posibilidade de ser interpelada por o discurso federorrexionalista: trataríase dos sectores punta dunha burguesía laica, modernizada, dinámica e progresista.

En efecto, como xa temos ollado ao falarmos da mobilización rexionalista, ó programa dos rexionalistas lucenses, esplicitado no seu voceiro **El Regional** (39), incluía un chamamento á industrialización de Galicia, á eliminación dos atrancos que se interpoñían para o desenvolvemento económico, dun xeito moi parecido ao que postulaban os rexionalistas liberais da Cruña. Sería, así e todo, MIRAMBELL MARISTANY quen sintetizaría mellor a finais do XIX, dada a súa propia posición de membro da burguesía mais dinámica viguesa, unha interpelación rexionalista tal. Son de salientar, neste sentido, as suas posicións antisocialistas e a defensa dos inte-

(34) AURELIANO J. PEREIRA, «Los foros y la república», **El Regional**, 14 de agosto do 1887

(35) AURELIANO PEREIRA, «La redención foral», **El Regional**, 21 de marzo do 1887.

(36) «Causas del atraso de Galicia», **Diario de Lugo**, 19 a 23 de maio do 1881.

(37) AURELIANO PEREIRA, «Los siervos» cit.

(38) AURELIANO PEREIRA, Discurso de Santiago 1890 cit.

(39) «La industria en Galicia», EMILIO SACO Y BREY cit.

reses ictios das costas galegas a prol da burguesía pesqueira das rías baixas (40).

(40) Cfr. TOMAS MIRAMBELL MARISTANY, «Galicia desamparada» Revista Gallega, 10 de xaneiro do 1904.

En «Centralismo y regionalismo: el progreso de Galicia», MIRAMBELL amosa un antisocialismo ausente por completo en PEREIRA e derivado sen dúbida do seu diferente posicionamento social:

«No les preocupan las embrionarias socialistas, sustentadas por los propios gobiernos para atraerse a masas cándidas y sencillas a las que se finge proteger y amparar...» *Revista Gallega*, 8 de abril do 1900.